

## GALERÍA DE ARTE

## O Labirinto

**N**A mitoloxía grega cóntase cómo Teseo puido saír do labirinto san e salvo gracias ó sarillo de fío que lle facilitou Ariadna. Se a empresa que lle encomendaron a Teseo foi esvaerse para logo saír san e salvo polos variados bloques superpostos que aparecen espaxados polos lenzos de Arturo Reboiras dubido que o conseguira.

A madeixa que a atenta Ariadna lle facilitou ó seu heroe serviría de pouco pois rompería ó roza-los innumerables ángulos rectos. E incluso é posible que a cabeza de Teseo estivese en perigo: seguro que algún módulo dos que penduran das súas estrañas edificacións o deixarían cao. É que a pintura exposta na Galería Minotauro está construída a custa de manipular formas xeométricas: cubos, círculos, triángulos, con elementos que aluden á construción como guindastres, andamios, serras. Todos eles amoreados forman edificacións que nos lembran os castelos de area, que faciamos na praia, ademais na súa semellanza cromática. O que facer deste mozo artista relaciónase cós constructivistas rusos e co cubista Fernad Lèger. Como a este último, atráenlle as formas mecánicas, as formas producidas en serie, moitas das ventás e dos ocos que abundan por tódalas partes nas súas teas lembran as pantallas de ordenadores ou as caixas. Tamén como Lèger envórcase no obxecto e preséntao conciso, claro, sinxelo coma se fose proxectado por un arquitecto.

Outra característica é que os módulos destas edificacións feitos de planos cortantes e sobrepostos non permanecen estáticos senón nun movemento inquietante que nos revela a axitación da vida nas grandes urbes.

**Fátima Otero**